

Polideportivo

RG SPAIN
EXPEDITION RACE

RAID GALLAECIA
10-19 MAIO 2019



TENIS MESA

Campionato Galego infantil e veterano

O pavillón municipal de Ribadeo acollerá por primeira vez esta fin de semana os campionatos galegos de tenis de mesa nos que competirán as categorías veterano e infantil

VOLEIBOL

Quiroga acolle o galego feminino

Mañá celébrase a final do Campionato Galego cadete feminino. Inaugurarán a competición as anfitriñas do CV Ribeira Sacra, que acabaron a primeira fase en terceira posición e tomarán o pulso ao segundo clasificado, o CV Zalaeta, por unha praza na gran final

Partidos destacados

HOXE 19:00h. FÚTBOL SALA
1ª DIVISIÓN FEMININA Burela FS - Ourense Envialia

HOXE 17:45h. FÚTBOL BASE
LIGA NACIONAL XUVENIL CD Lugo B - Celta B

MAÑÁ 18:30h. FÚTBOL
PREFERENTE Sarriana - Viveiro

MAÑÁ 19:30h. BALONCESTO
LIGA ACB Breogán - Gran Canaria

FÚTBOL SALA

Minicopa infantil fútbol sala

O Burela disputa hoxe nas Pontes a II Minicopa Infantil a semifinal contra Santiago Futsal ás 11.00 horas. De conseguir a vitoria, competirán polo título galego ante o gañador da outra semifinal, entre O Parrulo e Noia, ás 18:00 horas



TENIS MESA

Hoxe. Ribadeo CAMPIONATO GALEGO INFANTIL E VETERANO

O pavillón municipal de Ribadeo acollerá por primeira vez esta fin de semana os campionatos galegos de tenis de mesa en categorías veterano e infantil. No torneo participarán preto de 100 xogadores e xogadoras pertencentes a clubs das catro provincias galegas, entre eles o anfitrión, S.D. Ribadeo Tenis de Mesa. En total, competirán 12 equipos masculinos, 8 equipos femininos, 48 xogadores en individual masculino, 24 xogadoras en individual feminino e 16 parellas en dobres masculinos e femininos

Hoxe, de 09:30 a 21:00 horas, disputaranse as competicións individuais e dobres de veteranos, e por equipos de infantís, tanto masculinos como femininos. Mañá, no mesmo horario, celebraranse as individuais e dobres de infantís, e por equipos de veteranos, tanto masculinos como femininos.



XADREZ

Hoxe. Foz CAMPIONATO PROVINCIAL

Hoxe dispútase no Colexio O Pilar de Foz a final do campionato provincial de xadrez, organizado no marco do programa de deporte escolar Xogade. No torneo, participantes xogadores e xogadoras das categorías benxamín, alevín, infantil e cadete que buscarán a clasificación para o campionato autonómico.



VOLEIBOL



Mañá. Quiroga CAMPIONATO GALEGO CADETE FEMININO

Mañá celébrase no pavillón de Quiroga a final do Campionato Galego cadete feminino. Inaugurarán a competición ás 10:00 horas as anfitrionas do CV Ribeira Sacra, que acabaron a primeira fase en terceira posición e tomarán o pulso ao segundo clasificado, o CV Zalaeta por unha praza na gran final. Agárdase un choque disputado, xa que, a pesar de que as herculinas se fixeron co primeiro choque da tempada en tres parciais, no partido de volta as monfortinas lograron resarcirse na súa casa cun traballado 3 a 1.

A segunda eliminatoria do torneo comezará ás 12:00 horas e enfrontará a Calasancias Coruña, actual campión da categoría e líder da fase regular, co cuarto clasificado, o Emevé. As coruñesas son as favoritas con dezasete vitorias (entre as que se atopan os dous encontros fronte a lucenses por 3-2 e 0-3) e unha única derrota. Pero o Emevé amosou ser un equipo loitador, que chega á fase final tras unha traballada clasificación con desempate incluído ante o Xuvvenil Teis.

A final feminina será ás 19:00 horas, despois de xogar a consolação a partir das 17:00 horas. Os gañadores poderán participar nos Campionatos de España Cadetes que se celebran do 12 ao 16 de xuño en Almería para a categoría feminina e en Castellón para a masculina.

Hoxe dispútase a final masculina en Boiro coa participación de Korbis e Emevé que se enfrontarán nunha semifinal ás 12:00 horas.

Hoxe. Quiroga CAMPIONATO PROVINCIAL XOGADE

O aperitivo ao Galego servirase esta tarde coa final do campionato provincial organizado no marco do programa de deporte escolar Xogade. Participarán deportistas das categorías benxamín e alevín que competirán de 16:00 horas a 19:00 horas no pavillón municipal de Quiroga.



FÚTBOL SALA



COMPETICIÓN

| CAT. | LOCAL | VISITANTE | LUGAR | DATA |
|-----------|--------------|------------------|----------------|--------------|
| 1ª Div. F | Burela FS | Ourense Envialta | Vista Alegre | Hoxe, 19:00h |
| DH Xuv. | Cidade Narón | Prone Lugo | A Gándara | Hoxe, 11:00h |
| DH Xuv. | Guitiriz | Ancoradouro | PM Guitiriz | Hoxe, 12:15h |
| DH Xuv. | Begonte | Bueu | PM Baamonde | Mañá, 12:30h |
| DH Xuv | Lugo Sala | Burela FS | PM Lugo | Mañá, 12:30h |
| 3ª Div. | Carballiño | Ribeira FS | Paco Chao | Hoxe, 16:00h |
| 3ª Div. | Culleredo | Casás | PM Tarrío | Hoxe, 16:00h |
| 3ª Div. | Campito | P. Barreiros | PM Chapelá | Mañá, 19:00h |
| 3ª Div. | Vilalba FS | O Parrulo B | PM Vilalba | Hoxe, 18:30h |
| 3ª Div. | Begonte | Santa Isabel | PM Baamonde | Hoxe, 16:00h |
| Pref. M | Noia FS | Quiroga FS | PM Noia | Hoxe, 18:15h |
| Pref. M | Lugo Sala | Villa Cee | PM Lugo | Hoxe, 16:30h |
| Pref. M | Guitiriz | Lugo FS | PM Guitiriz | Hoxe, 16:00h |
| Pref. M | Castroverde | Alto do Vento | A Ferrería | Mañá, 18:00h |
| Pref. F | Castro | A Fervenza B | PM Castro | Hoxe, 19:00h |
| Pref. F | Vilalba FS | Fisober | PM Vilalba | Hoxe, 16:00h |
| Xuv. M | Vilalba FS | A Estrada | PM Vilalba | Mañá, 12:00h |
| Xuv. M | Poio | Os Meigallos | PM A Seca | Hoxe, 16:00h |
| Xuv. M | Ribeira FS | ED Marín | O Palomar | Hoxe, 19:30h |
| Cad. M | Hércules | Lugo Sala | San Fco Javier | Mañá, 19:00h |
| Cad. M | O Parrulo | Burela FS | A Malata | 16/05/2019 |
| Cad. M | Guitiriz | Colegio Liceo | PM Guitiriz | Hoxe, 19:30h |
| Cad. M | Casás | Cidade Narón | O Palomar | Hoxe, 16:30h |
| Cad. M | Os Meigallos | Red Blue Coruña | PM Sarria | Hoxe, 17:30h |
| Inf. M | Hércules | Lugo Sala | San Fco Javier | Mañá, 17:30h |
| Inf. M | O Parrulo | Burela FS | Ensanche | Mañá, 18:30h |
| Inf. M | Troula | Lumieira | PM Betanzos | Hoxe, 18:00h |
| Inf. M | Guitiriz | Colegio Liceo | PM Guitiriz | Hoxe, 19:00h |
| Inf. M | Casás A | Cidade Narón | O Palomar | Hoxe, 18:00h |
| Inf. M | Os Meigallos | Red Blue Coruña | PM Sarria | Hoxe, 16:00h |
| AL. M | O Parrulo | Burela FS | Ensanche | Mañá, 17:00h |
| AL. M | Ribeira | Narón O Freixo A | Casa Deporte | Mañá, 19:00h |

Hoxe. As Pontes MINICOPA INFANTIL

O Burela FS disputa hoxe nas Pontes a II Minicopa Infantil. Os mariñáns disputarán a semifinal contra Santiago Futsal ás 11:00 horas.

Se conseguen a vitoria, competirán polo título galego ante o gañador da outra semifinal, entre O Parrulo e Noia, ás 18:00 horas.



HÍPICA

Mañá Galdo (Viveiro) CAMPIONATO GALEGO DE ANDADURA

A tradicional Feira das Mautas de Galdo, con máis de tres séculos de historia, será escenario de probas puntuables para os campionatos galegos organizados pola Federación Galega de Hípica. As competicións celebraranse en sesión dobre, ás 12:00 horas da mañá e ás 16:30 horas da tarde. Participarán medio cento de xinetes que, ademais de mellorar a súa clasificación nos rankings galegos, optarán a premios en metálico de 1.800 euros, que se repartirán entre os oito primeiros. Pola tarde serán as probas de andadura, tanto serrada 2 tempos como 4 tempos chapeada de alturas de máis e menos de 1,5 metros.



GOLF

Hoxe. Lugo CIRCUITO DE GOLF COPE GALICIA

Este venres arrancou a cuarta edición do Circuito de Golf Cope Galicia, coa disputa da primeira proba nas instalacións de Golf Lugo, o torneo inaugural do circuito con 14 probas en diferentes puntos de Galicia e Portugal. Xogarase baixo a modalidade stableford individual nun percorrido de 18 hoyos. Haberá premios para os dous primeiros clasificados de cada categoría. A entrega de trofeos celebrárase hoxe tras finalizar o torneo e contará cun sorteo de regalos entre os asistentes.



ATLETISMO

Hoxe. Lugo 5ª XORNADA COPA DEPUTACIÓN

A Delegación en Lugo da Federación Galega de Atletismo organiza a quinta xornada da Copa Deputación en pista ao aire libre, que se disputa en xornada de mañá e tarde no Estadio Gregorio Pérez Rivera. Participarán atletas desde a categoría sub 14 ata veterano, que realizarán probas de velocidade, salto e lanzamento de peso. A competición arrancará ás 12:00 horas coas probas de lanzamento de pértiga e de triple salto.

Hoxe. Chantada CARREIRA POPULAR CHANTADA

Máis de 550 deportistas participarán esta tarde na Carreira Popular de Chantada, que ofrecerá diferentes percursos e distancias para adaptarse a todas as idades e condicións físicas.

Ás 17:00 horas, comezarán as carreiras de menores, con distancias entre os 100 e os 2.500 metros en función da categoría. As 17:45 horas tomarán a saída os participantes na carreira pola integración, para persoas con capacidades diferentes. Por último, a partir das 18:15 horas, porase en marcha a carreira absoluta, de 10 quilómetros na que se poderá competir de forma individual ou por equipos, mixtos e de catro integrantes. Tamén se poderá completar en vehículo adaptado.

A proba forma parte do Circuito Miño-Ulla, integrado por sete carreiras en distintos puntos do sur da provincia de Lugo. Tamén puntuará para a carreira Correr en Galicia. Os dorsais e os chips de cronometraxe entregaránse na Praza do Mercado de 12:00 a 16:45 horas para os adultos e de 12:00 a 16:30 horas para os menores. Os participantes terán duchas á súa disposición nas instalacións das piscinas municipais.

Mércores. Vilalba CARREIRA POPULAR LETRAS GALEGAS

O Concello de Vilalba celebrará o día 15 de maio, a partir das 11 horas, unha nova edición da carreira popular escolar das Letras Galegas, que chega este ano a súa décima edición. A esta actividade, que ten máis un espírito reivindicativo e deportivo que competitivo concorren alumnos e alumnas dos centros educativos.

A organización estableceu un total de dúas categorías mixtas, para maiores de cinco e para maiores de 6 anos, e varias masculinas e femininas, maiores de 7 anos, maiores de 10 e maiores de 13 anos. As distancias a percorrer tamén serán diferentes en función da idade, con 420 metros para os máis pequenos, 775 para os maiores de 7 anos, 850 metros para os de máis de 10 e 1.650 metros para os que teñan máis de 13 anos. A saída e a meta estará na praza da Constitución e percorrido variará en función da distancia.

Venres. Lugo CARREIRA SOLIDARIA COLEGIO PLURILINGÜE CERVANTES

O venres celebrárase a novena edición desta proba popular organizada polo CPR Cervantes, que discurrirá polo barrio da Milagrosa con percursos adaptados ás diferentes idades -desde os 15 ou 50 metros para nenos de 2 e 3 anos ata os 4 quilómetros para adultos-.

As saídas de todas as carreiras terán lugar na Praza Agro do Rolo, a partir das 11:00 horas, excepto a de adultos que sairá da rúa Manuel María, ás 11:50 horas. O diñeiro recaudado coas inscricións destinarase a diferentes asociacións de discapacitados e Somos unidos contra o cancro, que traballan na provincia de Lugo



TENIS



Hoxe e mañá. Outeiro de Rei TORNEO MENORES

Desde este venres celébrase no Centro Deportivo D10, en Outeiro de Rei, o II Torneo de Menores, coa participación de xogadoras e xogadores das categorías benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil. A proba puntuará para o circuito nacional.



A DEPUTACIÓN
DE LUGO
CO DEPORTE

Raid Gallaecia

200 DEPORTISTAS DE 20 NACIONALIDADES INICIAN MAÑÁ EN MURAS a terceira proba do circuito mundial cun percorrido de 500 quilómetros polos concellos da Mariña

O Raid Gallaecia, a terceira proba do circuito mundial de orientación, comezará mañá en Muras. Darase o pistoletazo de saída a unha competición que, ata o vindeiro mércores, percorrerá a comarca da Mariña e o municipio asturiano de Castropol. A provincia de Lugo é a única parada en España das series mundiais, con probas por todo o planeta. Desde India, Paraguay ou Estados Unidos, onde xa se disputaron, ata Ecuador, Suecia, Escocia, Sudáfrica e Croacia, que completarán o calendario.

Uns douscentos deportistas de vinte e catro nacionalidades danse cita nesta competición de aventura na que a orientación se combina co deporte extremo. Os participantes competirán en equipos de catro persoas, mixtos, e por parellas, aínda que só os primeiros puntuarán para o ránking mundial.

500 quilómetros de percorrido

Os deportistas terán que realizar un percorrido de 500 quilómetros nos que alternarán trekking -149 quilómetros con 5.200 metros de desnivel en tres seccións-, bicicleta de montaña -281 quilómetros con 11.700 metros de desnivel positivo en catro seccións-, kayak -50 quilómetros en dúas seccións, unha e río e outra en mar-, rappel -30 metros- e espeleoloxía -500 metros-.

Respecto das características do trazado, a organización destaca que "o que caracterizará a carreira, sobre todo nas seccións de mountain bike, serán os fortes desniveles. Algunha sección será moi longa e poñerá a proba a fortaleza mental dos equipos. Nos trekkings haberá un pouco de todo, desde seccións fóra de camiño por bosque ata seccións con vexetación máis espesa".

"O que si podemos asegurar é que gozaremos dunha carreira que terá todo tipo de marabillas para a vista. Increíbles paisaxes desde o alto das montañas, estar inmerso nunha zona de montaña con vistas ao mar, cascadas, preciosas, cuencas de río, zonas fóra de camiño onde a navegación será moi importante, tramos de río moi divertidos e zonas de mar espectaculares, antigos construcións prehistóricas, pontes medievais, pequenas sendas en bosques frondosos e lugares con restos da civilización romana".

Ata cinco días de aventura

Os equipos dispoñen de cinco días -120 horas- para completar o circuito, aínda que se espera que os primeiros empreguen unhas 80 horas. Os dous mellores cuartetos accederán directamente ao campionato mundial.

Os conxuntos franceses, neozelandeses e escandinavos lideran as quinielas de favoritos nunha



proba na que os deportistas terán que valerse unicamente dos mapas facilitados pola organización, dos seus corpos e das súas mentes para elixir o mellor percorrido e avanzar cara a meta que estará situada en Viveiro, onde os primeiros equipos poderían chegar arredor das 14:00 horas do mércores. Os dous mellores cuartetos accederán directamente ao campionato mundial.

Os participantes comezaron a chegar o xoves á cidade do Landro, onde se centraliza toda a loxística da proba. Hoxe, ao longo da mañá, realizarase o rexistro dos equipos, o check in de material do que dispoñen para as probas e a foto oficial. Á noite, no Hotel Las Sirenas, entregarán á organización as caixas co equipamento que recibirán nos puntos de

transición, dacordo co establecido no regulamento da proba. A plataforma Track The Race permitirá facer o seguimento da carreira con información en liña sobre a situación de cada equipo.

Actividades paralelas

Nos lugares de paso do Raid Gallaecia organizaranse diferentes actividades paralelas abertas para todo o público e acompañantes dos deportistas. Para comezar, no Viveiro, en Muras, haberá unha concentración de autocaravanas, con actividades como o concerto que dará o grupo "O meu rolo é o Rock", un showcooking a cargo de David Eiroa e xogos infantís con agasallos para os máis pequenos.



A DEPUTACIÓN
DE LUGO
CO DEPORTE

